



Concello de Cedeira

EXAME TIPO TEST

CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIONES LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO ADMINISTRATIVO

NOME E APELIDOS:

DNI:

1. Que tipo de Lei tense que utilizar para desenvolver os dereitos fundamentais e liberdades públicas previstos na Constitución?

- a) Lei orgánica.
- b) Lei de bases.
- c) Lei ordinaria.
- d) Decreto-Lei.

2. A adecuada utilización do lecer, únese pola Constitución, ao dereito a/de:

- a) A saúde.
- b) Un medio ambiente adecuado.
- c) Á mocidade e a unha participación libre e eficaz no desenvolvemento político social, económico e cultural.
- d) A traballar.

3. Segundo o artigo 137 da Constitución Española, Como se organiza territorialmente o Estado Español?


- a) En municipios e comunidades autónomas.
- b) En municipios, provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan.
- c) En municipios, provincias, comarcas e comunidades autónomas.
- d) En municipios, provincias, illas, nacionalidades e rexións.

4. Cal destas materias é competencia municipal segundo a Constitución Española?

- a) Promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.
- b) Os montes e aproveitamentos forestais.
- c) Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda.
- d) A Constitución non regula un catálogo de competencias municipais.

5. Segundo o artigo 24.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia:

- a) Corresponde integramente á Comunidade Autónoma, de conformidade coas leis xerais, a organización e o funcionamento do Ministerio Fiscal.
- b) Corresponde integramente ao Estado, de conformidade coas leis xerais, a organización e o funcionamento do Ministerio Fiscal.
- c) Corresponde integramente ao Poder Xudicial, de conformidade coas leis xerais, a organización e o funcionamento do Ministerio Fiscal.
- d) Corresponde integramente ao Parlamento de Galicia, de conformidade coas leis xerais, a organización e o funcionamento do Ministerio Fiscal.



Concello de Cedeira

6. ¿Cal dos seguintes dereitos NON se regula como fundamental na Constitución Española?

- a) Dereito a elixir libremente o lugar de residencia.
- b) Dereito á reunión pacífica.
- c) Dereito á propiedade privada.
- d) Dereito de asociación.

7. A tutela dos dereitos e liberdades recoñecidos no artigo 14 da Constitución poderá solicitarse:

- a) Ante os tribunais da xurisdición contenciosa.
- b) Ante os tribunais da xurisdición social.
- c) Ante os tribunais ordinarios.
- d) Ante os tribunais ordinarios e en amparo ante o Tribunal Constitucional.

8. Sinale a resposta incorrecta. Segundo o artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, son funcións do Parlamento de Galicia as seguintes:

- a) Controlar a acción executiva da Xunta, aprobar os orzamentos e exercer as outras competencias que lle sexan atribuídas pola Constitución, polo presente Estatuto, polas leis do Estado e as do Parlamento de Galicia.
- b) Elixir de entre os seus membros ao Presidente da Xunta de Galicia.
- c) Delimitar as demarcacións territoriais dos órganos xurisdicionais en Galicia, tendo en conta, entre outros criterios, os límites dos tradicionais partidos xudiciais e as características xeográficas e de poboación.
- d) Solicitar do Goberno a adopción de proxectos de Lei e presentar ante a Mesa do Congreso dos Deputados proposicións de Lei.

9. Un cidadán presenta na oficina municipal de asistencia en materia de rexistros unha solicitude e acompaña diversa documentación. Como debe proceder o funcionario de Rexistro segundo a Lei 39/2015?

- a) Recoller a documentación, rexistrala, e entregarlle ao cidadán o recibo acreditativo da súa presentación.
- b) Dixitalizar a documentación, rexistrala, e devolverlla ao cidadán xunto co recibo acreditativo da súa presentación.
- c) Igual que na opción a) salvo que se detecten vicios ou defectos na documentación presentada, nese caso repudiarase o rexistro da mesma e informarase ao cidadán dos extremos que deben ser emendados.
- d) Fotocopiar a documentación, compulsar as copias e rexistralas. A continuación, devolveránselle os orixinais ao interesado xunto co recibo acreditativo da súa presentación.

10. En cal destes procedementos a falta de resolución expresa implica a estimación das pretensións do interesado?

- a) Actividades que poidan danar o medio ambiente.
- b) Responsabilidade patrimonial.
- c) Impugnación de actos e disposicións e procedementos de revisión de oficio iniciados a solicitude dos interesados.
- d) Recurso de alzada interposto contra a desestimación por silencio administrativo dunha solicitude sempre que non se refira ás materias enumeradas no párrafo segundo do artigo 24.1 da Lei 39/2015.



Concello de Cedeira

11.- Nas bases reguladoras dun proceso selectivo solicítase que os aspirantes presenten copia auténtica dun determinado título académico. Un dos aspirantes solicita á Administración convocante (Concello) que expida dita copia auténtica. Para ese efecto presenta o título académico orixinal. Quen está capacitado para expedir dita copia auténtica?

- a) Calquera funcionario.
- b) Calquera empregado público.
- c) O Secretario municipal.
- d) Os funcionarios habilitados expresamente para este fin e que consten inscritos no correspondente rexistro.

12.- Que medio de execución forzosa está previsto, con carácter xeral, para a execución de obrigacións persoalísimas de non facer ou soportar?

- a) Compulsión sobre as persoas.
- b) Multa coercitiva.
- c) Execución subsidiaria.
- d) Prema sobre o patrimonio.

13.- De acordo co artigo 88 da Lei 39/2015, de 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, indique a resposta correcta en relación coa resolución:


- a) A resolución que poña fin ao procedemento decidirá todas as cuestións suscitadas polos interesados e aquelas outras derivadas do mesmo.
- b) Cando se trate de cuestións conexas que non fosen suscitadas polos interesados, o órgano competente deberá de pronunciarse sobre as mesmas.
- c) Nos procedementos tramitados a solicitude do interesado, a resolución será congruente coas peticións formuladas por este, con todo, poderase agravar a súa situación inicial si resultasen outros terceiros interesados
- d) A Administración poderá absterse de resolver so pretexto de silencio administrativo.

14.- Segundo o art. 74 da Lei 39/2015 de 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas en relación ás cuestións incidentais, indique a resposta correcta:

- a) As cuestións incidentais que se susciten no procedemento, salvo as que se refiran á nulidade de actuacións, non suspenderán a tramitación do mesmo.
- b) Las cuestións incidentais que se susciten despois do procedemento, non suspenderán la tramitación do mesmo, salvo as que se refiran á nulidade de actuacións e a recusación.
- c) As cuestións incidentais que se susciten no procedemento, incluso as que se refiran á nulidade de actuacións, non suspenderán a tramitación do mesmo, salvo a renuncia.
- d) As cuestións incidentais que se susciten no procedemento, incluso as que se refiran á nulidade de actuacións, non suspenderán a tramitación do mesmo, salvo a recusación.

15.- Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015 de 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas non deberá de acreditarse a representación:

- a) Para formular solicitudes.
- b) Para os actos e xestións de mero trámite.
- c) Para interpoñer recursos.
- d) Para desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa.



Concello de Cedeira

16.- Segundo o art. 82 da Lei 39/2015 de 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas poderá prescindirse do trámite de audiencia:

- a) Cando o interesado non teña formulado proposta de práctica de probas.
- b) En ningún caso. A súa omisión produciría indefensión.
- c) Cando non figuren no procedemento, nin sexan tidos en conta na resolución, outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.
- d) Ningunha é correcta.

17.- Segundo o previsto no art. 71 da Lei 39/2015 de 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala a resposta correcta:

- a) O procedemento impulsárase a instancia de parte.
- b) O procedemento, sometido ao principio de celeridade, impulsárase a instancia de parte, a través de medios telemáticos, respetando os principios de transparencia e publicidade.
- c) O procedemento, sometido ao principio de celeridade, impulsárase de oficio en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos, respetando os principios de transparencia, e publicidade.
- d) Ningunha resposta é correcta.

18.- A falta ou insuficiente acreditación da representación non impedirá que se teña por realizado o trámite de que se trate , sempre que se aporte aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de:

- a) 10 días, ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran.
- b) 15 días ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran.
- c) 20 días, ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran.
- d) 30 días ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran.

19.- Segundo a Lei 39/2015 de 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas son causas de inadmisión dos recursos:

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública; Carecer de lexitimación o recorrente; Trátase dun acto non susceptible de recurso; Ter transcorrido o prazo para a interposición do recurso; Carecer o recurso manifestamente de fundamento.
- b) Carecer de lexitimación o recorrente; Trátase dun acto non susceptible de recurso; Ter transcorrido o prazo para a interposición do recurso; Carecer o recurso manifestamente de fundamento.
- c) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública; Carecer de lexitimación o recorrente; Trátase dun acto non susceptible de recurso.
- d) Ningunha é correcta.

20.- De acordo co art. 53 da Lei 39/2015 de 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas é un dereito do interesado no procedemento administrativo:

- a) Coñecer, antes da proposta de resolución, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados.



Concello de Cedeira

- b) Obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes imponían aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
- c) Non presentar datos e documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, que xa se atopen en poder das Administracións Públicas ou que sexan elaborados por estas.
- d) As respostas b) e c) son correctas.

21. Sinale a resposta correcta:

- a) O dereito de explotación das obras, no contrato de explotación de obras, non deberá implicar a transferencia ao concesionario dun risco operacional na explotación de ditas obras.
- b) Teñen a consideración de contratos de servizos os que teñan por obxecto a adquisición de enerxía primaria ou transformada.
- c) Son contratos de servizos os de adquisición de programas de ordenador para o tratamento da información.
- d) Non son obxecto de contrato de servizos os que impliquen o exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos.

22. Os contrato menores:

- a) Poden prorrogarse pero só ata 6 meses.
- b) Poden prorrogarse, pero só ata un ano.
- c) Poden prorrogarse, pero só ata 18 meses.
- d) Non poden prorrogarse.

23. Apreciarase directamente polos órganos de contratación, a seguinte causa de prohibición de contratar:

- a) O incumprimento doutros contratos do sector público.
- b) Declaracións falsas dos datos esixibles en materia de contratación.
- c) Retiradas indebidas de proposicións en procedementos de contratación
- d) O incumprimento das obrigacións tributarias.

24. No procedemento restrinxido, o número mínimo de empresarios aos que se ha de invitar é de:

- a) Dous.
- b) Tres.
- c) Catro.
- d) Cinco.

25.- As peticións de licenza, de acordo coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia:

- a) Resolveranse no prazo de dous meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello, sendo facultativos, para o outorgamento da licenza solicitada, os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.
- b) Resolveranse no prazo de seis meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello, sendo facultativos, para o outorgamento da licenza solicitada, os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.
- c) Resolveranse no prazo de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello, sendo preceptivos, para o outorgamento da



Concello de Cedeira

licenza solicitada, os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

d) Ningunha é correcta.

26. Unha vez presentada correctamente unha comunicación previa urbanística para levar a cabo determinados actos de uso do solo, cando pode considerar o interesado que a mesma constitúe título habilitante suficiente para iniciar a execución de devanditos actos?

a) Desde o mesmo momento da súa presentación.

b) Unha vez recibida a conformidade municipal.

c) Transcorridos quince días naturais.

d) Transcorridos quince días hábiles.

27. Que clase de empregado público está vinculado á Administración por unha relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo, para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente?

a) Funcionario de carreira.

b) Funcionarios de carreira e interinos.

c) Persoal eventual.

d) Todos os empregados públicos atópanse vinculados á Administración por unha relación estatutaria.

28. Cal das seguintes circunstancias non ampara o nomeamento de funcionarios interinos?

a) A existencia de prazas vacantes mentres non se provea por funcionarios de carreira.

b) A substitución permanente dos titulares.

c) A execución de programas de carácter temporal.

d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

29. Cal das seguintes medidas non é unha sanción disciplinaria?

a) O demérito.

b) A remoción do posto de traballo.

c) O traslado forzoso.

d) O apercibimento.

30. Cal destes servizos debe existir necesariamente nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes?

a) Protección Civil.

b) Transporte colectivo urbano de viaxeiros.

c) Parque público.

d) Prevención e extinción de incendios.

31. Son órganos necesarios nos municipios galegos con poboación superior a 5.000 habitantes...

a) Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno e Comisión Especial de Contas.

b) Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno, Xunta de Goberno e Comisión Especial de Contas.

c) Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno, Xunta de Goberno, órganos que teñen por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno e Comisión Especial de Contas.



Concello de Cedeira

d) Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno, Xunta de Goberno, órganos que teñen por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, Comisión Especial de Suxestións e Comisión Especial de Contas.

32. As sesións do Pleno:

- a) Serán públicas, non obstante poderá ser secreto o debate e votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental previsto no artigo 18.1 da Constitución, cando así se acorde por maioría simple.
- b) Serán privadas, en todo caso naqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental previsto no artigo 18.1 da Constitución.
- c) Contarán con público, previamente invitado polos membros da corporación, que deberá intervir no debate, con posterioridade á intervención dos distintos grupos políticos.
- d) Os membros da corporación tomarán asento no salón de sesións unidos ao seu grupo.

33. A regra xeral de adopción de acordos polo Pleno é:

- a) Maioría absoluta dos presentes.
- b) Maioría simple dos presentes.
- c) Non hai unha regra fixa.
- d) A que determine o Alcalde en cada momento.

34. A moción de censura ao Alcalde:


- a) Debe ser proposta polo menos por 2/3 do número legal de membros da corporación e ha de incluír un candidato á alcaldía.
- b) A dimisión sobrevida do alcalde suspenderá a tramitación da votación da moción de censura.
- c) Ningún concelleiro pode asinar durante o seu mandato máis dunha moción de censura.
- d) O escrito no que se propoña a moción de censura presentarase no rexistro xeral da corporación, exclusivamente polo candidato proposto á alcaldía no escrito da moción.

35. A elección do Alcalde nos municipios de réxime común realízase:

- a) Mediante un sistema indirecto de elección por maioría absoluta dos concelleiros electos, de entre eles, e só a falta do quórum requirido, resulta elixido Alcalde quen encabeza a lista electoral máis votada.
- b) Mediante un sistema directo de elección por maioría absoluta dos concelleiros electos, de entre os cabezas de lista, e só a falta do quórum requirido, resulta elixido Alcalde quen encabeza a lista electoral máis votada.
- c) Mediante un sistema directo de elección por maioría simple dos concelleiros electos.
- d) Mediante un sistema de elección por maioría absoluta dos concelleiros presentados en listas, de entre eles, e só a falta do quórum requirido, resulta elixido o Alcalde quen encabeza a lista máis votada.

36. De conformidade co previsto no artigo 27 LBRL:

- a) O Estado e as Comunidades Autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nos Municipios o exercicio das súas competencias, determinando o alcance, contido, condicións e duración desta, que non poderá ser superior a cinco anos.
- b) O Estado e as Comunidades Autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nos Municipios o exercicio das súas competencias, determinando o alcance, contido, condicións e duración desta, que non poderá ser inferior a cinco anos.



Concello de Cedeira

c) O Estado, no exercicio das súas respectivas competencias, poderá delegar nos Municipios o exercicio das súas competencias, determinando o alcance, contido, condicións e duración desta, que non poderá ser inferior a cinco anos.

d) As Comunidades Autónomas, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán delegar nos Municipios o exercicio das súas competencias, determinando o alcance, contido, condicións e duración desta, que non poderá ser superior a cinco anos.

37. Segundo o art. 14 do ROF, en canto á petición de información por parte dos membros das Corporacións Locais, a petición de acceso ás informacións entenderase concedida por silencio administrativo no caso de que non se dite resolución ou acordo denegatorio no término de:

- a) Dez días, a contar desde a data de solicitude.
- b) Cinco días, a contar desde a data de solicitude.
- c) Vinte días, a contar desde a data de solicitude.
- d) Quince días, a contar desde a data de solicitude.

38. Cales son os trámites esenciais que deben seguirse para a aprobación dunha ordenanza?

a) Aprobación inicial polo Alcalde, información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días, aprobación definitiva polo Pleno, publicación no Boletín Oficial da Provincia.

b) Aprobación polo Pleno e publicación no Boletín Oficial da Provincia.

c) Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días, aprobación definitiva polo Pleno, publicación no Boletín Oficial da Provincia.

d) Aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de quince días, aprobación definitiva polo Pleno, publicación no Boletín Oficial da Provincia.

39.- A que título habilitante estará suxeito o uso común especial normal dos bens de dominio público, segundo o art. 77 do RBEL?


- a) Permiso.
- b) Autorización.
- c) Licenza.
- d) Concesión.

40.- Para usar privativamente bens de servizo público requírese:

- a) Autorización.
- b) Licenza.
- c) Concesión.
- d) Nada do anterior, pois non cabo este uso.

41.- Segundo o Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, Que natureza xurídica ten o ingreso satisfeito pola prestación do servizo municipal de limpeza das vías públicas?

- a) Prezo público.
- b) Taxa.
- c) Imposto.
- d) Ningunha, non procede tal ingreso.



Concello de Cedeira

42.-Os impostos que esixirán as entidades locais sen necesidade de acordo de imposición, son:

- a) Imposto sobre Bens Inmóbles e Imposto sobre Actividades Económicas.
- b) Imposto sobre Bens Inmóbles, Imposto sobre Actividades Económicas e Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- c) Imposto sobre Bens Inmóbles, Imposto sobre Actividades Económicas, Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- d) Imposto sobre Bens Inmóbles, Imposto sobre Actividades Económicas, Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e Imposto sobre o incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

43. Os estados e contas da entidade local serán rendidos por:

- a) O Interventor.
- b) O Pleno.
- c) O Presidente da entidade.
- d) Os servizos administrativos.

44. O Concello recibe unha resolución da Deputación pola que se lle concede unha subvención que solicitara. Como consecuencia diso, hai que modificar o orzamento para contemplar o importe da subvención. Que modificación orzamentaria debe utilizarse?

- a) Crédito extraordinario.
- b) Xeración de crédito.
- c) Incorporación de crédito.
- d) Ampliación de crédito.

45. As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento:

- a) Antes do 1 de marzo do exercicio seguinte.
- b) Antes do 15 de marzo do exercicio seguinte.
- c) Antes do 15 de maio do exercicio seguinte.
- d) Antes do 1 de xuño do exercicio seguinte.

46. Cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito no orzamento da Corporación, o Alcalde:

- a) Ordenará a incoación de expediente de xeración de créditos.
- b) Contratará unha operación de crédito.
- c) Ordenará a incoación de expediente de concesión de crédito extraordinario.
- d) Aprobará un expediente de incorporación de remanentes.

47. Que significa o principio de sustentabilidade financeira?

- a) A situación de equilibrio ou superávit estrutural.
- b) A capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites establecidos na normativa vixente.
- c) A xestión dos recursos de forma eficaz e eficiente.
- d) A inexistencia de endebedamento a longo prazo.



Concello de Cedeira

48. Poden adquirirse compromisos por gastos que haxan de estenderse a exercicios posteriores a aquel en que se autoricen?:

- a) Si, sempre que se inicien no exercicio seguinte a aquel no que se autoricen e que, ademais, se atope nalgún dos supostos nos que a lei o permite.
- b) Non está permitida a adquisición de compromisos por gastos que haxan de estenderse a exercicios posteriores a aquel en que se autoricen.
- c) Si, sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio e que, ademais, se atope nalgún dos supostos nos que a lei o autoriza.
- d) Non, salvo que o seu execución se inicie no propio exercicio.

49.- De acordo coa Lei Xeral de Subvencións, sinale que deberá efectuarse con carácter previo á convocatoria da subvención ou á concesión directa da mesma:

- a) A autorización do gasto
- b) O compromiso do gasto.
- c) A aprobación do gasto.
- d) A aprobación e o compromiso do gasto.

50.- En canto ao suxeito pasivo da taxa por recolleita de residuos sólidos urbanos que corresponde a unha vivenda alugada podemos afirmar que:

- a) O suxeito pasivo é, só, o propietario da vivenda
- b) O suxeito pasivo é, unicamente, o inquilino.
- c) O propietario é suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, e o inquilino é suxeito pasivo en concepto de substituto do contribuínte.
- d) Ningunha das anteriores.

PREGUNTAS DE RESERVA

1.R. A Constitución se fundamenta:


- a) Na pluralidade dos pobos integrantes da Nación Española.
- b) No compromiso de unidade de todos os pobos e nacionalidades integrantes da Nación Española.
- c) Na unidade da Nación Española.
- d) Na indisoluble unidade da Nación Española.

2.R. Conforme ao artigo 4 da LBRL son potestades recoñecidas aos Municipios, Provincias e Illas:

- a) A regulamentaria e de autoorganización.
- b) A tributaria e a financeira.
- c) A execución forzosa e a sancionadora.
- d) Todas son certas.

3.R. Cando a Administración considere que o uso dun ben de dominio público require da adopción de especiais cautelas en virtude da perigosidade, intensidade ou mera garantía, tratarase de:

- a) Un uso común xeral.
- b) Un uso común especial.
- c) Un uso privativo.
- d) Un uso anormal.



Concello de Cedeira

4.R. Cando a norma reguladora dun procedemento non fixa un prazo máximo para dítar a resolución e notificarlla ao interesado Que prazo terá a Administración para cumprir con esta obrigaón?

- a) Un mes.
- b) Tres meses.
- c) Seis meses.
- d) Non ten prazo.

5.R. Cal dos seguintes recursos será resolto polo órgano superior xerárquico daquel que ditou o acto impugnado?

- a) Recurso de reposición.
- b) Recurso de alzada.
- c) Recurso extraordinario de revisión.
- d) Recurso de alzada e recurso extraordinario de revisión.

